



**DEPUTACIÓN PROVINCIAL
A CORUÑA**

SERVIZO DE PATRIMONIO E CONTRATACIÓN



**Concello de
As Pontes
de García Rodríguez**

Número

93

/2026

CONVENIO INTERADMINISTRATIVO DE COOPERACIÓN PÚBLICA ENTRE A EXCELENTÍSIMA DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA E O CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ PARA O DESENVOLVEMENTO DA FESTA DO MOTOR NO CIRCUÍTO MUNICIPAL DO MOTOR DE AS PONTES.

Na Coruña, na data da sinatura electrónica,

Ante min, Don Miguel Iglesias Martínez, Secretario Xeral da Deputación Provincial da Coruña, como fedatario actuante.

Don Antonio Leira Piñeiro, en representación da Deputación Provincial da Coruña, e

Dona Elena López Seco, en representación do CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ

As comparecentes interveñen en uso das potestades que, por razón dos seus cargos, estalles atribuídas e

EXPOÑEN

PRIMEIRO.

A Lei 5/1997, de administración local de Galicia, no art. 118 inclúe como competencia das Deputacións “rexer e administrar os intereses peculiares da provincia, creando, conservando e mellorando os servizos que teñan por obxecto o seu fomento, e, en especial, os seguintes:..

«d) Organización de concursos e exposicións e de calquera outra actividade que teña por finalidade o fomento en materia de cultura, educación e deporte.»

A Lei 7/1985, reguladora das bases de réxime local, na súa redacción dada pola Lei 27/2013, de racionalización e sostibilidade da administración local, no art. 36.1.d) establece como competencias propias das deputacións “A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social... de acordo coas competencias das demais administracións públicas neste ámbito”.

A Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público, no seu artigo 47.1 define legalmente o convenio no ámbito administrativo:



«Son convenios los acuerdos con efectos jurídicos adoptados por las Administraciones Públicas, los organismos públicos y entidades de Derecho público vinculadas o dependientes o las Universidades públicas entre si o con sujetos de Derecho privado para un fin común».

Sen prexuízo da mencionada finalidade de interese común que perseguen (artigo 47.1 LRXSP), esta norma prevé tamén no seu artigo 48.3 que a subscripción de convenios:

«deberá mejorar la eficiencia de la gestión pública, facilitar la utilización conjunta de medios y servicios públicos, contribuir a la realización de actividades de utilidad pública y cumplir con la legislación de estabilidad presupuestaria y sostenibilidad financeira»

SEGUNDO.

O artigo 7 da Lei 3/2012, do 2 de abril, do Deporte de Galicia, establece que as deputacións provinciais, nos termos que dispón a presente lei, a lexislación de réxime local e a lexislación sectorial do Estado, exercerán no seu correspondente ámbito territorial as seguintes competencias:

1. Fomentar, promover e difundir o deporte.
2. Colaborar cos municipios para garantir a prestación integral e adecuada de actividades deportivas e impulsar a xestión mancomunada de estas.
3. Asistir aos municipios e colaborar con eles, sobre todo cos de menor capacidade económica e de xestión, no deseño e construción de instalacións deportivas e no desenvolvemento da práctica deportiva.
- .../...
6. Calquera outra actuación que redunde en beneficio del desenvolvemento deportivo local, comarcal o provincial.

TERCEIRO.

O presente convenio atinxe as seguintes actuacións:

FESTA DO MOTOR

CUARTO.

Tendo en conta a finalidade común das partes, orientada á utilización conxunta de medios e servizos públicos para contribuír á realización de actividades que satisfagan o interese público xeral de promover a actividade física e o deporte entre a poboación, sendo competencia da deputación o fomento, promoción e difusión do deporte e dispoñendo o concello das Pontes de García Rodríguez dun Circuito do Motor Municipal homologado e co soporte técnico e operativo necesario para garantir o correcto desenvolvemento das actividades promovidas pola Deputación da Coruña, e considerando a procedencia dun marco de colaboración entre ambas as dúas partes que regule as accións comúns necesarias, acordan subscribir o presente convenio, conforme ás seguintes



CLÁUSULAS

Primeira. Obxecto.

O presente convenio ten por obxecto regular o marco de cooperación interadministrativa entre a Deputación Provincial da Coruña e o Concello das Pontes de García Rodríguez para a organización, coordinación e desenvolvemento da Festa do Motor Deputación da Coruña, mediante a posta á disposición da Deputación do Circuito das Pontes e dos seus espazos e instalacións complementarias, a achega da documentación técnica necesaria, a colaboración dos servizos municipais, especialmente da Policía Local e da Agrupación de Protección Civil, e a dotación dos medios materiais e auxiliares precisos para o correcto desenvolvemento das actividades previstas, nos termos establecidos no presente convenio.

Segunda. Ausencia de contraprestación económica.

A cesión de uso da instalación e o seu equipamento así como outros servizos municipais non xera canons ou taxas entre as administracións.

Terceira. Obrigas da Deputación:

A Deputación da Coruña asumirá as seguintes obrigas no ámbito das súas competencias:

- Coordinar cada unha das actuacións promovidas pola Deputación da Coruña en colaboración co concello de As Pontes de García Rodríguez e outras entidades públicas e privadas que participen na execución das mesmas.
- Difundir e publicitar a actividade promovida pola Deputación da Coruña.
- Aprobar e autorizar o orzamento de gastos e contratar os servizos e subministros que correspondan ao desenvolvemento da Festa do Motor
- Comprobar documentalmente que as empresas contratistas achegaron a documentación administrativa e técnica exixible nos correspondentes expedientes de contratación, incluídas, de ser o caso, as pólizas de seguro de responsabilidade civil ou accidentes cando proceda.
- Xestionar a actividade de forma que se minimice a pegada e impacto que a actividade poida xerar, na procura dun evento sostible medioambientalmente.
- Garantir un uso non sexista da imaxe das persoas e da linguaxe nos contidos publicados.
- Impulsar accións en favor da igualdade e inclusión social no deporte.
- Impulsar accións de prevención e loita en relación á violencia, racismo, xenofobia e a intolerancia no deporte, establecendo as medidas necesarias para a seguridade e a prevención da violencia contra as persoas participantes e espectadoras.

Cuarta. Obrigas do Concello de As Pontes



- Autorizar o uso con carácter temporal e exclusivo da instalación Municipal Circuito do Motor e dos seus espazos complementarios.
- Inspeccionar, con carácter previo á celebración do evento, o estado da instalación municipal e verificar que reúnen as condicións de uso, seguridade, conservación e funcionamento para a súa utilización, adoptando ou requirindo, de ser o caso, as medidas correctoras que resulten precisas dentro do ámbito das súas competencias.
- Facilitar á Deputación a documentación técnica da instalación necesaria para o desenvolvemento da actividade, incluíndo, entre outra:
 - Plan de Autoprotección do circuito.
 - Plan de Seguridade do circuito.
 - Calquera outra documentación técnica que resulte necesaria para a autorización e desenvolvemento da actividade.
- Poñer á disposición da organización os medios materiais e auxiliares municipais previstos no presente convenio, en condicións de uso e funcionamento, e, entre outros:
 - Baños públicos químicos.
 - Valado de delimitación alto e baixo
 - Metros lineais de valado alto.
 - Metros lineais de valado baixo.
 - Cadro eléctrico e conexión eléctrica.
 - Podio para entrega de premios.
 - Carpa de pequenas dimensións para a zona de entrada e control de acceso.
 - Extintores.
 - Escobóns resistentes para varrido da pista.
 - Sepiolita para derrames en pista.
 - Mini karts a pedais destinados ao circuito de educación viaria infantil.
 - Limpeza das inmediacións do circuito, accesos, zonas de estacionamento e demais espazos afectados polo evento.
 - Contedores de lixo na zona de público
 - Limpeza e posta a punto do circuito de seguridade viaria.
 - Grupo electrógeno e cadro eléctrico.
 - Mesas e cadeiras para a zona destinada ao servizo de restauración.
 - Acceso wifi
- Poñer á disposición da actividade e autorizar a participación dos servizos municipais que resulten necesarios para o correcto desenvolvemento da Festa do Motor, no ámbito das súas respectivas competencias, incluíndo, entre outros, a Policía Local, a Agrupación de Protección Civil, o Servizo Municipal de Bombeiros, os servizos técnicos municipais, os servizos de mantemento, limpeza, electricidade, obras, sinalización, tráfico, mobilidade e cantos outros resulten precisos para garantir a adecuada preparación, desenvolvemento e finalización da actividade, así como a coordinación co resto das administracións públicas, servizos de emerxencia e empresas participantes.
- Promover, con carácter previo á celebración da Festa do Motor, unha reunión de coordinación en materia de seguridade, na que participarán representantes da Deputación da Coruña e do Concello das Pontes de García Rodríguez, así como os responsables dos servizos municipais, servizos de emerxencia, empresas contratistas e demais entidades ou



persoas que, en función das actuacións previstas, deban intervir na planificación e desenvolvemento do dispositivo de seguridade.

- Nomear a unha persoa que actuará como intermediaria/interlocutora coa Deputación da Coruña e calquera outra entidade pública ou privada que participe no desenvolvemento da actividade promovida pola Deputación da Coruña no marco deste convenio.
- Colaborar coas outras entidades e/ou empresas adscritas á execución da actividade promovida pola Deputación da Coruña no marco deste convenio nos ámbitos de transferencia do coñecemento técnico necesario, produtividade e eficacia das accións conxuntas e capacidade de divulgación e comunicación das actuacións.
- Xestionar a actividade de forma que se minimice a pegada e impacto que a actividade poida xerar, na procura dun evento sostible medioambientalmente.
- Garantir un uso non sexista da imaxe das persoas e da linguaxe nos contidos que se publiquen sobre a actividade.
- Impulsar accións en favor da igualdade e inclusión social no deporte.
- Impulsar accións de prevención e loita en relación á violencia, racismo, xenofobia e a intolerancia no deporte, establecendo as medidas necesarias para a seguridade e a prevención da violencia contra as persoas participantes e espectadoras.

Quinta. Responsabilidade das partes

Cada unha das partes asinantes será responsable do cumprimento das obrigas asumidas no presente convenio e das actuacións que desenvolva no ámbito das súas respectivas competencias.

A Deputación da Coruña responderá das actuacións que lle correspondan como entidade organizadora da Festa do Motor, así como da correcta execución das prestacións obxecto dos contratos que formalice para o desenvolvemento da actividade, sen prexuízo da responsabilidade que corresponda ás empresas contratistas pola execución das prestacións contratadas.

O Concello das Pontes de García Rodríguez será responsable das instalacións, medios materiais e auxiliares, servizos e persoal municipal que poña á disposición da actividade, correspondéndolle garantir que se atopen nas condicións adecuadas de uso, funcionamento e seguridade que resulten exixibles no ámbito das súas competencias.

Cada parte asumirá a responsabilidade polos danos e prexuízos que puidesen derivarse das actuacións, medios, instalacións, servizos ou persoal que se atopen baixo a súa respectiva responsabilidade, de conformidade coa normativa aplicable.

A existencia do presente convenio non implicará a asunción por ningunha das partes de responsabilidades que correspondan á outra Administración ou ás empresas ou entidades que interveñan na execución das distintas actuacións.

Protección de datos persoais

En cumprimento do Regulamento (UE) 2016/679, do Parlamento Europeo e do Consello, do 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos



persoais e á libre circulación destes datos, así como da Lei orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, a Deputación da Coruña e o concello das Pontes de García Rodríguez actuarán como responsables do tratamento dos datos derivados deste convenio, cada unha no ámbito das súas funcións respectivas.

Sexta. Seguimento.

Crearase unha Comisión Técnica Mixta, coa finalidade prevista no artigo 49 apartado f) da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de Réxime xurídico do sector público, especialmente para a coordinación e o seguimento das diferentes actuacións desenvolvidas ao amparo do presente Convenio, que estará constituída por:

- Unha persoa representante da Deputación Provincial da Coruña
- Unha persoa representante do Servizo de Acción Social, Educación, Deportes e Mocidade
- Unha persoa representante do Concello de As Pontes

A Comisión reunirase sempre que sexa necesario para o seguimento do convenio.

Esta Comisión será a encargada de resolver cantas cuestións poidan formularse durante a vixencia do mesmo, derivadas de posibles discrepancias en canto a súa execución ou interpretación dos acordos.

Así mesmo, poderán asistir cantas persoas se consideren necesarias en función do asunto a tratar en cada sesión.

Os acordos da Comisión adoptaranse co voto favorable da maioría dos seus membros.

O réxime de funcionamento da Comisión será o establecido nos artigos 15 e seguintes da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

Sétima. Publicidade

Na publicidade, difusión e comunicación que calquera das partes asinantes realice das actuacións derivadas do presente convenio (publicacións, carteis, anuncios, redes sociais, notas de prensa ou calquera outro soporte), deberá identificarse expresamente a Deputación da Coruña como entidade organizadora da actividade, facendo constar, así mesmo, a colaboración do Concello das Pontes de García Rodríguez na súa realización.

Oitava. Vixencia

A vixencia do presente convenio estenderase dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2026, con independencia da data da súa sinatura. Non obstante, poderá ser obxecto de prórroga expresa por períodos anuais sucesivos, ata un máximo de catro (4) anos adicionais, mediante acordo unánime das partes adoptado cunha antelación mínima de dous (2) meses respecto da finalización da vixencia en curso.

Novena. Extinción e resolución

Ademais de polo cumprimento das actuacións que constituíren o seu obxecto, o convenio extinguirase por calquera das seguintes causas de resolución:



- O acordo unánime de todas as partes asinantes.
- O incumprimento das obrigas e compromisos asumidos por parte de algunha das partes asinantes.

Neste caso, calquera das partes poderá notificar á parte incumplidora un requirimento para que cumpra nun determinado prazo coas obrigas ou compromisos que se consideran incumplidos. Este requirimento será comunicado ao responsable do mecanismo de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e ás demais partes asinantes.

Si transcorrido o prazo indicado no requirimento persistira o incumprimento, a parte que o dirixiu notificará ás partes asinantes a concorrencia da causa de resolución e se entenderá resolto o convenio. A resolución do convenio por esta causa poderá supoñer a indemnización dos prexuízos causados atendendo ao valor económico das obrigas deixadas de cumprir.

- Por decisión xudicial declaratoria da nulidade do convenio.
- Por calquera outra causa distinta das anteriores prevista no convenio ou noutras leis.

A finalización ou resolución do convenio dará lugar á liquidación deste, con arranxo ao disposto no artigo 52 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, de réxime xurídico do sector público.

A extinción do convenio suporá o cese das actividades contidas no mesmo.

Décima. Normativa aplicable e xurisdición

Este convenio está suxeito ás normas de dereito público que regulan o deporte e aos convenios e a actuación administrativa xeral das entidades locais. En particular, á Lei 3/2012, do 2 de abril, do deporte de Galicia; a Lei 39/2022, de 30 de decembro, do Deporte e os artigos 57 da Lei 7/1985 de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, 48 e seguintes da Lei 40/2015 de 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, artigo 86 da Lei 39/2015 do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, artigo 111 do Texto Refundido das Disposicións Vixentes en materia de Réxime Local (RD Lexislativo 781/1986) e a Lei orgánica 3/2018, de 5 de decembro, de protección de datos persoais e garantía dos dereitos dixitais, as distintas regulacións lexislativas vinculadas ao control da saúde no deporte, a lexislación referente á loita contra a violencia, o racismo, a xenofobia e a intolerancia no deporte e a Lei orgánica 3/2007, de 22 de marzo, para a igualdade efectiva de mulleres e homes.

Así mesmo, pola súa natureza, o presente convenio atópase excluído da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español, as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, ao amparo do disposto no seu artigo 6.2.

Non obstante, serán aplicables ao convenio os principios da citada Lei de Contratos do Sector Público para resolver ás dúbidas ou lagoas que puideran presentarse.

Para a resolución de cantas controversias se poidan suscitar entre as partes en canto a efectos, interpretación, modificación resolución ou cumprimento do aquí convido, establécese o sometemento expreso á xurisdición contencioso-administrativa, dada a súa natureza administrativa.

MIGUEL IGLESIAS MARTINEZ
Data e hora: 14/08/2026 10:11

ELENA LOPEZ SECO
Data e hora: 13/08/2026 16:30

ANTONIO LEIRA PIÑEIRO
Data e hora: 13/08/2026 14:52

<https://sede.dacoruna.gal/valdoc?c=267efa28e693ec2746eb51edd8de15bd0049760b>

Validación de documentos:
<https://sede.dacoruna.gal/valdoc>
Codigo:
267efa28e693ec2746eb51edd8de15bd0049760b



Faise constar que o presente convenio foi aprobado por resolución de presidencia número 35944 de 12 de agosto de 2026.

E en proba de conformidade asinan electronicamente o presente convenio no lugar e data indicados no encabezamento.

**O REPRESENTANTE DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

**A REPRESENTANTE DO
CONCELLO DAS PONTES DE GARCÍA RODRÍGUEZ**

Asdo. Antonio Leira Piñeiro

Asdo. Elena López Seco

**O SECRETARIO DA
DEPUTACIÓN PROVINCIAL DA CORUÑA**

Asdo. Miguel Iglesias Martínez